

Manuel María en América

XOSÉ NEIRA VILAS

O noso gran poeta chairego só cruzou unha vez o Atlántico, con Saleta, invitado pola Irmandade Galega de Venezuela. Ofreceu unha conferencia sobre “Vicente Risco e a Xeración Nós”, e dous recitais de poesía. Á volta publicou un artigo na sección “Andando a terra”, titulado “Venezuela e os galegos”.

Polo demais, inda que non fixo outras viaxes, viaxaron os seus libros e o seu nome era ben coñecido.

Eu tiven a primeira noticia del en 1953, en Buenos Aires, por Luís Seoane, a quen Fernández del Riego informaba puntualmente sobre o acontecer cultural de Galicia.

Na Galicia atafegada, América era unha esperanza de posibilidades para todo creador. O Centro Galego de Buenos Aires patrocinaba uns concursos musicais e literarios. Manuel María gañou un ano o premio no xénero de poesía. En 1954 saíu publicado o seu poemario *Advento*. En Buenos Aires tamén publicaría *Versos pra un país de minifundios* (1969) e *Remol* (1970). O poeta colaboraba nalgunhas publicacións da emigración e mantiña correspondencia regular con algúns emigrantes e exiliados. Eu era un deses correspondentes. Conservo moitas cartas del, que algún día publicarei.

Os seus poemas “Canción de amor á muller galega” e “Canto á vella stirpe celta” foron premiados nos Xogos Florais celebrados na capital arxentina en 1968.

A nosa correspondencia seguiu cando me radiquei na Habana, con Anisia, en 1961. Áame enviando puntualmente os seus libros, sempre con entrañables dedicatorias. Recordo que na radio e no quincenario *España republicana* (onde temos publicado poemas seus) protestamos da multa que lle impuxeran en Madrid porque estaba a bandeira galega no escenario onde ofreceu un recital poético.

Poemas da súa autoría déronse a coñecer en México, na revista *Vieiros*. O Patronato da Cultura Galega, de Montevideo, publicou o seu libro *Versos pra cantar en feiras e romaxes*, en 1963.

Estes son só algúns dos vencellos de Manuel María con entidades e persoas do continente americano. En América viron a luz *Follas novas*, de Rosalía, *Sempre en Galiza*, de Castelao, e *A esmorga*, de Blanco Amor, por poñer só algúns exemplos. É natural, pois, sobre todo en tempos de censura, que o poeta de Outeiro de Rei nos trasladase a súa mensaxe aos que por alá andabamos.

Tras daquelas cartas que ían e viñan por enriba do mar, un día por fin coñecímonos persoalmente. Dende a casa madrileña de Mariví e Ramón de Valenzuela chamámolo por teléfono (acababamos de chegar da Habana). E días despois démonos a aperta da amizade consolidada en Ourense, no fogar de Nemesio Barxa. Alí estaban tamén, naturalmente, Saleta e Anisia.

Unha vez radicados nós en Galicia, en 1992, viámonos moi seguido. Temos participado xuntos (con Ferrín, Novoneyra e Bernardino Graña) en recitais de poesía en Pontevedra e Betanzos. E nos últimos anos coincidiamos nas rúas coruñesas e nos plenarios da Real Academia Galega.

Uníronnos cincuenta anos de amizade, primeiro só epistolar e logo persoal, directa. E custábame moito afacerme á idea da súa morte cando lle demos sepultura en Outeiro de Rei, a súa terra natal. Doeme a súa ausencia, a ausencia dun bo amigo, dun home de ben, dun poeta grande e dun loitador polos dereitos nacionais de Galicia. Sigue loitando a través da súa obra, da súa poesía, e nunca poderei falar del en pasado. Está presente en todos os “bos e xenerosos”.

Outubro-Novembro 2005